



VIII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE & TURISMO SOSTIBLE NO SALNÉS
LXI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Cambados, 26-27 e Sanxenxo, 28 marzo 2019

"Desde Galicia imos mobilizar o mundo na loita contra o cambio climático e en favor da economía circular se queremos garantir a futura saúde ambiental do planeta"

**VIII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE
& SAÚDE & TURISMO SOSTIBLE NO SALNÉS**

LXI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Cambados, 26-27 e Sanxenxo, 28 marzo 2019



VIII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE & TURISMO SOSTIBLE NO SALNÉS

LXI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Cambados, 26-27 e Sanxenxo, 28 marzo 2019



VIII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE & TURISMO SOSTIBLE NO SALNÉS

LXI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Cambados, 26-27 e Sanxenxo, 28 marzo 2019



CASA DE S. M. EL REY

CREDENCIAL

Nº 020/2019

Su Majestad el Rey, accediendo a la petición que tan amablemente Le ha sido formulada, ha tenido a bien aceptar la

PRESIDENCIA DE HONOR

del «**VIII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE E TURISMO SOSTENIBLE NO SALNÉS – LXI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL**», que se celebrará en Cambados (Pontevedra) del 26 al 28 de marzo de 2019.

Lo que me complace participarle para su conocimiento y efectos.

PALACIO DE LA ZARZUELA, 17 de enero de 2019

EL JEFE DE LA CASA DE S.M. EL REY,



SEÑOR PRESIDENTE DEL COMITÉ ORGANIZADOR DEL CONGRESO.

CAMBADOS (Pontevedra)



Cambados, 26-27 e Sanxenxo, 28 marzo 2019

Presentación

A industrialización e a urbanización orixinaron problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e o cambio climático, a destrución da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de todos os recursos (aire, auga, solo, clima, especies de flora e fauna, alimentos, materias primas, hábitat, patrimonio natural e cultural) que condicionan e sustentan a vida. A forte conexión entre medio ambiente e saúde recoñeceuse expresamente na 3.^a Conferencia Ministerial do Medio Ambiente e a Saúde (Londres, 1999). O Cume da Terra de Río de Xaneiro (1992), a Conferencia de NNUU sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento de Johannesburgo (2002) e Río+20 (2012), acuñaron a idea de desenvolvemento sostible, que expresa a imposibilidade dun desenvolvemento sen contar co medio ambiente (a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico e social son tres piares inseparables do desenvolvemento sostible). O VII Programa Comunitario de Acción en materia de Medio Ambiente 2014-2020 (7^º PMA), resume os obxectivos prioritarios da política de medio ambiente da Unión Europea ata 2020 e introduce unha visión o longo prazo para 2050 coa finalidade de abordar os problemas principais de carácter ambiental. Se basa na creencia de que a prosperidade económica e o bienestar dos ciudadáns europeos dependen do estado de saúde do seu capital natural. No título: "Vivir ben, respetando os límites do noso planeta".

A Oficina Rexional para Europa da OMS, decidiu apoiar as entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible, para o cal é necesario impulsar a posta en marcha de medidas de planificación e control do medio ambiente relacionadas cos aspectos sanitarios, xa que para resolver os problemas do medio ambiente, a saúde e o desenvolvemento sostible, é preciso chegar a un acordo e emprender accións non só a nivel nacional e internacional senón tamén a nivel subnacional e local (pensar globalmente, actuar localmente). Na liña das políticas da OMS de propor ambientes saudables, e coa esperanza de concienciar os concellos galegos de asumiren esta filosofía na xestión dos aspectos ambientais da saúde e así poder contribuír ao desenvolvemento sostible de Galicia e mellorar as condicións de vida da cidadanía, púxose en marcha en Galicia no ano 2000, o **PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2020**, que contou cos parabéns do Dr. Agis Tsouros, coordinador no seu momento do proxecto "Healthy Cities" da Oficina Rexional para Europa da OMS, e desde o ano 2008 coa valiosa colaboración e participación activa da Dra. María Neira, director Department of Public Health and Environmental and Social Determinants da OMS. Esta iniciativa itinerante pioneira na UE, ten como obxectivos prioritarios a formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, ademais de foro de debate de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente e promover contornos saudables. A posta en marcha en Galicia deste Programa, no seu periplo itinerante por toda a xeografía galega o longo destes 19 anos, contou coa participación de 264 concellos (256 galegos, 2 leoneses, 1 asturiano, 2 madrileños e 3 portugueses), 5 entidades locais e rexionais portuguesas e **6.262** asistentes nas 60 edicións de Cursos de Saúde Ambiental realizados, o Simposio Internacional "Medio Ambiente y Salud: nuevos retos de futuro" en colaboración coa Fundación Ramón Areces (Santiago de Compostela, 2015), e o Cumio de Expertos en Medio Ambiente & Saúde (Ponteareas, 2016).

No contexto da Axenda 2030 e os ODS das Nacións Unidas, cuxo alcance é universal, logo da celebración do Ano Internacional do Turismo Sostible para o Desenvolvemento no 2017, esperemos que contribúa a promover un cambio nas políticas, as prácticas das empresas e o comportamento dos consumidores para conseguir un sector turístico más sostible, ademais de promover unha mellor comprensión entre os pobos, maior conciencia da riqueza do patrimonio das diversas civilizacións e levar a unha mellor apreciación dos valores inherentes das diversas culturas, contribuíndo así ao fortalecemento da paz no mundo. Co fin de abordar e debater algúns dos problemas ambientais más importantes que ten a civilización actual, organízase o **VIII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE & TURISMO SOSTIBLE NO SALNÉS - LXI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL** que ten como obxectivos: impulsar un modelo enerxético más sostible para avanzar na loita contra o cambio climático cara á saúde ambiental do planeta, fomentar o modelo de economía circular que garantece o futuro do medio ambiente, promover a xestión sustentable dos recursos mariños e impulsar o saneamento integral dos concellos que verten á ría de Arousa en aras de mellorar a calidade das augas si queremos manter a produción e calidade dos cultivos mariños da ría de Arousa, impulsar a loita contra as plagas da vespa velutina e o picudo roxo, promover o Salnés como destino de excelencia turística, e apoiar a candidatura de "Cíes-Illas Atlánticas" a patrimonio mundial da Humanidade, ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todos os axentes sociais implicados no tema. Finalmente, cómpre destacar a necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, ecoloxistas, comunicadores, así como a participación activa dos ciudadáns e cidadás en prol de conseguirmos un medio ambiente más saudable e sustentable para todas e todos os galegos/as, mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira

Fundador-director Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2020



VIII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE & TURISMO SOSTIBLE NO SALNÉS LXI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Cambados, 26-27 e Sanxenxo, 28 marzo 2019

Sedes anfitrioas e de apoio á organización



Patrocinadores



Apoio institucional



Concellos participantes



CONCELLO DE MEAÑO



CONCELLO DE MEIS



CONCELLO DE RIBADUMIA



CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA



CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA

Concello da Illa de Arousa



VIII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE & TURISMO SOSTIBLE NO SALNÉS
LXI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Cambados, 26-27 e Sanxenxo, 28 marzo 2019

Colaboradores

AENOR

Applus⁺
norcontrol

Coren

GADIS



HUMANA
Fundación Pueblo para Pueblo

ecocelta®
Biofertilizante y gestión ambiental

Grupo Abalo
AUTOCARES

Mares da Groave
Neptuno Sub

Condes de
ALBAREI

Martín Códax

ALBARINO
PACO & LOLA
RIAS BAIXAS D.O.
www.pacolola.com

Entidades e empresas participantes
(en tramitación)

Colexio Oficial de
Enxeñeiros Técnicos Industriais
de A Coruña



Sogos consulting

Director académico e científico

Prof. Dr. Francisco Peña

Comité organizador e científico
(en tramitación)

Membros do comité organizador:	Membros do comité científico:
D. Francisco José Peña Castiñeira (presidente)	D. Federico Mayor Zaragoza (presidente)
D. Ángel Gómez Amorín	D. Eleuterio Martínez Alcántara
D.ª Fátima Abal Roma	D.ª Susana Mónica Marinho Paixao
D. Joaquín Sueiro Méndez	D. José Vicente Martí Boscà
D. Carlos Vieitez Fernández	D.ª María Julia Melgal Riol
D.ª Meritxell Peiró Marcos	D. Francisco Peña Fernández-Garnelo
D. José Luis González Paz	D. Carlos Rodríguez Dacal
D. José Pérez Vázquez	D. Juan Bellas Bereijo



Programa provisional

MARTES, 26 DE MARZO

09.00-10.00 h | Benvida aos congresistas: acreditación e entrega de documentación.

10.00 h | Acto inaugural do congreso/curso a cargo:

- D.^a Teresa Ribera Rodríguez, ministra para a Transición Ecolólica do Goberno de España (por confirmar).
- D.^a Carmela Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra.
- D. Alfredo García Rodríguez, presidente da Fegamp.
- D.^a Fátima Abal Roma, alcaldesa de Cambados.
- D. Gonzalo Durán Hermida, presidente da Mancomunidade do Salnés.
- D.^a Susana Mónica Marinho Paixão, presidenta electa da International Federation of Environmental Health (IFEH).
- D. Francisco Peña, director académico e científico do congreso.
- Alcaldes dos concellos do Salnés (en primeira fila).

10.30 h.: Conferencia maxistral de inauguración: “Medidas de mitigación e adaptación para loitar contra o cambio climático e os seus efectos”

Prof. Dr. D. Eleuterio Martínez Alcántara (Santo Domingo-República Dominicana)

Catedrático, académico e científico. Enxeñeiro forestal, especialista en Ecoloxía Tropical e Xestión Ambiental. Ecoloxista, bioeticista e investigador. Catedrático da Universidad Autónoma de Santo Domingo, Pontificia Universidad Católica Madre y Maestra, Universidad Nordestana, Universidad del Caribe. Profesor invitado da ULA-Venezuela e Trento (Italia). Vicepresidente da Real Academia de Ciencias da República Dominicana, e membro de número e directivo da Fundación Cultural Gnóstica, Federación Latinoamericana de Instituciones de Bioética, Asoprovida Internacional, Coalición Nacional para a Defensa das Áreas Protegidas, etc. Consultor e colaborador de varios organismos de NNUU (FAO, PNUMA, UNICEF, INSTRAW, etc.). Asesor, conselleiro científico e colaborador permanente de varias dependencias oficiais do Congreso Nacional e do Poder ejecutivo na República Dominicana. Ten no seu haber numerosos libros publicados sobre ecoloxía e medio ambiente, biodiversidade, áreas protegidas, etc. Columnista de varios diarios dominicanos e director da Revista Verdor da Academia de Ciencias da República Dominicana.

11.30-14.00 h | I Sesión plenaria: “Transición enerxética e loita contra o cambio climático: impulso ás enerxías renovables, melloras na eficiencia enerxética e promover o uso do vehículo eléctrico”

Moderador: Prof. Dr. D. Eleuterio Martínez Alcántara

Relatores:

11.45 h | “España na loita contra o cambio climático. A Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética”

D.^a Valvanera Ulargui Aparicio (Madrid-España)

Directora xeral da Oficina Española de Cambio Climático do Ministerio de Transición Ecolólica. Licenciada en Dereito pola UCM e en Dereito Comunitario pola Universidad CEU San Pablo.

12.00 h | “Cambio climático e saúde en España”

Prof. Dr. D. José Vicente Martí Boscà (Valencia-España)

Presidente honorario da Sociedad Española de Sanidad Ambiental. Exxefe da Unidade de Sanidade Ambiental da Dirección Xeral de Saúde Pública da Generalitat Valenciana. Profesor asociado de Saúde Pública da Universitat de Valencia. Director do libro: “Cambio Global España 2020/50. Cambio Climático y Salud”.

12.15 h | “Actuacións de saúde pública na adaptación ao cambio climático en Galicia”

D. Ángel Gómez Amorín (Santiago de Compostela-España)

Subdirector xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.



LXI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Cambados, 26-27 e Sanxenxo, 28 marzo 2019

12.30 h | “Transición enerxética e cambio climático: enerxías renovables + vehículo eléctrico”

Prof. Dr. D. Francisco Silva Castaño (Ames-España)

Delegado de Iberdrola en Galicia. Doutor Enxeñeiro de Minas pola UPM. Máster of Science (Massachusetts Institute of Technology, MIT). Profesor de Enxeñaría Ambiental na UDC durante 14 anos.

12.45 h | “Proxectos internacionais destinados a estimular o uso de enerxías alternativas”

Prof. Dr. D. Francisco de la Peña Fernández-Garnelo (Londres-Reino Unido)

Fundador e presidente de Alfaz Energy. Licenciado en Dereito pola Universidad de Navarra. Doutor en Dereito pola King's College London. LLM Corporate & Finance pola London School of Economics (London. UK). MBA pola Universidade de Cambridge. Asistente parlamentario de Lord Fraser of Carmyllie (ministro de Enerxía nos gobernos de Margaret Thatcher e John Major no Reino Unido). Axudante de investigación do Catedrático de Dereito da Enerxía Steven Ferrey na Universidade de Harvard (USA), donde realizou unha estadía de investigación (2002-2003). Profesor visitante de Dereito na University College London. Experto no sector enerxético, cunha experiencia dilatada, tanto no ámbito público como privado. Traballou como asociado nas oficinas de Londres e París do bufete de abogados Clifford Chance, donde asesorou a multinacionais petrolíferas como Shell. Traballou na Dirección Xeral da Competencia na Comisión Europea, e na Unidade de Fusiões e Adquisiciones da Comisión da Competencia do Reino Unido. Ex-presidente de ACIEP.

13.00 h | “Como inflúe o cambio climático na viticultura do Salnés”

D. Miguel Tubio Fernández (Cambados-España)

Director técnico de Martín Códax.

13.15 h | “Proxecto de descarbonización e eficiencia enerxética no sistema de xestión da auga potable da Mancomunidade do Salnés”

D. Luis Varela Fernández (A Coruña-España)

Enxeñeiro agrónomo pola Universidad de Barcelona.

13.30-14.00 h | Coloquio.

16.30 h | I Conferencia plenaria: “Compromiso dos concellos coa economía circular e a saúde ambiental do planeta”

Prof.ª Dra. D.ª Susana Mónica Marinho Paixão (Coimbra-Portugal)

Presidenta electa da International Federation of Environmental Health (IFEH). Licenciada en Saúde Ambiental. Máster en Educación Ambiental. Doutora en Xeografía pola Universidad de Coimbra. Directora do Departamento de Saúde Ambiental da Escola Superior de Tecnoloxía da Saúde do Instituto Politécnico de Coimbra. Presidenta Global Environmental Health Faculty Forum – GEHFF 2015.

17.00-20.30 h | II Sesión plenaria: “O futuro do medio ambiente en mans da economía circular: sostibilidade para todos”

Moderadora: Prof.ª Dra. D.ª Susana Mónica Marinho Paixão

Relatores:

17.15 h | “Os concellos galegos ante o reto da economía circular”

D. Alfonso Villares Bermúdez (Cervo-España)

Vicepresidente Primeiro da FEGAMP, alcalde de Cervo e presidente da Comisión de Medio Ambiente da FEMP.

17.30 h | “Sogama: transformando residuos en recursos”

D. Javier Domínguez Lino (Cerdeira-España)

Presidente de Sogama.

17.45 h | “Plan Revitaliza: a reciclaxe do lixo orgánico nos concellos da provincia de Pontevedra”

D.ª María Martínez Abraldes (Pontevedra-España)

Técnico de Medio Ambiente do Servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra.



VIII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE & TURISMO SOSTIBLE NO SALNÉS
LXI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Cambados, 26-27 e Sanxenxo, 28 marzo 2019

18.00 h | “Residuo cero”

D. José Enrique Rodríguez Coello (A Coruña-España)
Responsable Desarrollo de Negocio da Delegación de Aenor en Galicia.

18.15 h | “Simbiosis industrial no marco da economía circular”

D.^a María Victoria Escuredo Merino (Sada-España)
Máster en Enxeñería e Xestión Ambiental da EOI. Xefa do Departamento de Medio Ambiente de Applus+ Galicia.

18.30-19.00 h | Descanso.

19.00 h | “A economía circular na xestión biolóxica de residuos”

D. Sergio Horacio Quiroga Rivero (Ponteareas-España)
Enxeñeiro Agrónomo pola Universidad de Morón-Argentina. Director de I+D e Producción de Ecocelta.

19.15 h | “A economía circular na xestión do textil”

D. Gustavo Pampín Cabral (Boqueixón-España)
Responsable de Humana – Fundación Pueblo para Pueblo en Galicia e Asturias.

19.30 h | “Cooperativa Vitivinícola Arousana: un proxecto cooperativo de producción integrada que aboga por unha viticultura sostenible, a calidade e a innovación, e a internalización”

D. Diego García Santiago (Meaño-España)
Director técnico de Paco & Lola.

19.45-20.30 h | Coloquio.

MÉRCORES, 27 DE MARZO

Opción A: 09.00-14.00 h | Ruta do Viño Rías Baixas pola comarca do Salnés:

- Bodegas Martín Códax (Burgáns, 91 – 36633 Vilariño, Cambados – Pontevedra).
- Adega Paco & Lola (Valdamor, 18 – 36968 XII – Meaño – Pontevedra), guiada por D.^a Íria Escudeiro Tilve, técnico de Enoturismo de Paco & Lola.
- Adega Condes de Albarei (Pazo Baión – Abelleira, 4-6 – 36614 Vilanova de Arousa – Pontevedra), guiada por D.^a Eugenia Castro Barros, responsable de Enoturismo de Condes de Albarei.

Opción B: 12.00-14.00 h | Vixxe en catamarán pola ría de Arousa, a cargo de Mares do Grove Neptuno Sub (sempre que as condicións climatoloxicas o permitan). A saída terá lugar desde o Porto de Tragove en Cambados.

16.30 h | II Conferencia plenaria: “Tres décadas de experiencia na loita contra as plagas: actuacións para combatir a vespa velutina e o picudo roxo”

D. Lolo Andrade (A Coruña-España)
Experto en plagas.

17.00-20.30 h | III Sesión plenaria: “Problemática ambiental e social da ría de Arousa: propostas de mellora para o sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura e a súa contribución ao desenvolvemento socioeconómico da zona e de Galicia.

Moderador: D. Víctor M. Caamaño Rivas (Cambados-España)

Licenciado en Biología. Profesor de Ciencias Naturais no IES Francisco Asorey de Cambados. Tenente de Alcalde do Concello de Cambados. Autor e coautor de diversas publicacións de carácter didáctico e de divulgación da natureza galega.

Relatores:



Cambados, 26-27 e Sanxenxo, 28 marzo 2019

17.15 h | “Economía circular e innovación como motores dunha economía mariña sustentable”

Dr. D. Juan M. Vieites Baptista de Sousa (Vigo-España)

*Doutor en Ciencias Químicas. Secretario xeral de ANFACO-CECOPESCA. Ten no seu haber catro décadas de experiencia no sector de conservación de produtos da pesca, da acuicultura e en conserva.***17.30 h | “Avaliación integral da contaminación na ría de Arousa”**

Prof. Dr. D. Juan Bellas Bereijo (Vigo-España)

*Profesor de investigación do Instituto Español de Oceanografía-Centro Oceanográfico de Vigo.***17.45 h | “Estado actual dos plans de saneamento integral dos concellos da ría de Arousa”**

D. Gonzalo Mosqueira Martínez (Santiago de Compostela-España)

*Xerente de Augas de Galicia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.***18.00 h | “Programa de control das zonas de producción de moluscos bivalvos na ría de Arousa”**Dra. D.^a Covadonga Salgado Blanco (Vilagarcía de Arousa-España)*Doutora en Ciencias Químicas e licenciada en Farmacia. Directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño da Consellería do Mar da Xunta de Galicia.***18.15-18.45 h | Descanso.****18.45 h | “Avaliación do risco toxicolóxico como ferramenta de predición cuantitativa dos efectos adversos sobre a fsaúde humana causados polos compostos químicos presentes nos cultivos mariños”**Prof^a. Dra. D.^a María Julia Melgar Riol (Lugo-España)*Catedrática de Toxicoloxía da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela. Académica Correspondente da Academia de Farmacia.***19.00 h | “Cetáceos e acuicultura en Galicia: un exemplo único de coexistencia no medio mariño”**

Dr. D. Bruno Díaz López (O Grove-España)

*Doutor en Ecoloxía pola Universidad de Burdeos. Fundador-director do BDRI-Bottlenose Dolphin Research Institute. Biólogo especialista en mamíferos mariños. Publicou máis de 60 artigos científicos en revistas e conferencias internacionais. O seu traballo se centra fundamentalmente na ecoloxía do comportamento e comunicación dos golfinos e os efectos das actividades humanas, especialmente a pesca, o turismo e a acuicultura, que teñen sobre eles.***19.15 h | “Problemática ambiental e social do sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura na ría de Arousa”**

D. Ruperto Costa Fernández (Cambados-España)

*Vicepresidente 1º da Federación Galega de Confrarías de Pescadores. Vocal da Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra. Membro do Consello Galego de Pesca da Xunta de Galicia. Patrón Maior da Confraría de Pescadores San Antonio de Cambados. Membro da Plataforma pola defensa da Ría de Arousa.***19.30-20.30 h | Coloquio.**

XOVES, 28 DE MARZO

09.00-14.00 h | Ruta de Turismo Verde “Árbores Monumentais e Senlleiras” pola comarca do Salnés, a cargo do Prof.

Dr. D. Carlos Rodríguez Dacal, doutor en Bioloxía, catedrático de Ciencias Naturais, botánico especialista en xardinería e flora ornamental, que inclúe as visitas aos seguintes escenarios:

- Concello de Vilanova de Arousa / Pazo do Cuadrante: Magnolia de Valle-Inclán.
- Concello de Vilagarcía de Arousa / Pazo de Rubiáns: Eucaliptos e Alcanforeiros.
- Concello de Meis / Pazo de Quintáns: Ciprés de California.
- Concello de Ribadumia / Pazo de Barrantes: Paseo de Eucaliptos.
- Concello do Grove / Monte da Siradella: Figueira do Meco.



Cambados, 26-27 e Sanxenxo, 28 marzo 2019

16.30-19.00 h | IV Sesión plenaria: “Patrimonio natural galego & turismo sostenible: as potencialidades da comarca do Salnés como destino de excelencia turística e a súa contribución á marca Galicia e á sostenibilidade do planeta”

Moderadora: D.^a Meritxell Marcos Peiró (Cambados-España)

Directora do Parador de Cambados.

Relatores:

16.45 h | “Turismo sostenible e Parques Nacionales”

D.^a Elisa Barahona Nieto (Madrid-España)

Vocal Asesor do Organismo Autónomo Parque Nacionales do Ministerio para a Transición Ecológica.

17.00 h | “Contribución do termalismo ao impulso do turismo sostenible e desenvolvimento socioeconómico do Salnés”

Dr. D. Enrique Piedras García (O Grove-España)

Médico experto en termalismo. Ex-director médico dos Balnearios do Gran Hotel La Toja, Isla de la Toja e Hotel Louxo La Toja. Membro da Sociedad Española de Hidrología Médica.

17.15 h | “Contribución do enoturismo ao desenvolvimento sostenible do Salnés e de Galicia”

D.^a Eugenia Castro Barros (Cambados-España)

Responsable de Enoturismo e Comunicación de Bodega Condes de Albarei.

17.30 h | “Sanxenxo: destino de calidad turística”

D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez (Sanxenxo-España)

Concelleiro de Turismo do Concello de Sanxenxo.

17.45 h | “Internalización do turismo do Salnés”

D. Xosé Ramón García Guinarte (Cambados-España)

Xerente da Mancomunidade do Salnés.

18.00 h | Coloquio.

18.30-19.00 h.: Descanso.

19.00 h | III Conferencia plenaria: “O camiño de Santiago, buque insignia do turismo sostenible en Galicia: contribución da ruta marítimo-fluvial pola ría de Arousa e o río Ulla ata enlazar co camiño portugués”

D. Rafael Sánchez Bargiela (Santiago de Compostela-España)

Director xerente da SA Xestión do Plan Xacobeo.

19.30 h | Acto de clausura do congreso/curso e entrega de certificados de asistencia, a cargo:

- D. Telmo Martín González, alcalde de Sanxenxo.

- D. Rafael Sánchez Bargiela, director xerente da SA Xestión do Plan Xacobeo.

- D. Gonzalo Durán Hermida, presidente da Mancomunidade do Salnés.

- D. Eleuterio Martínez Alcántara, vicepresidente da Academia de Ciencias da República Dominicana.

- D. Francisco Peña, director académico e científico do congreso.

- Alcaldes dos concellos do Salnés (en primeira fila).

Mensaxe de clausura por videoconferencia: “Cíes-Illas Atlánticas: de patrimonio natural de todos os galegos a patrimonio mundial da Humanidade”, de apoio á candidatura “Cíes-Illas Atlánticas a patrimonio mundial da Humanidade” (reconecemento que outorga a ONU para a Educación, a Ciencia e a Cultura -UNESCO- a sitios que teñen un valor universal excepcional), a cargo do Prof. Dr. D. Federico Mayor Zaragoza (Madrid-España), director xeral da UNESCO (1987-1999), habendo sido con anterioridade director xeral adxunto da UNESCO (1978-1981). Na súa etapa na cabeza de UNESCO, deulle un novo impulso á misión da organización: “Construir os baluartes da paz na mente dos homes”, ata convertela nunha institución ao servizo da paz, a tolerancia, os dereitos humanos, e a convivencia pacífica, mediante actividades no seu ámbito



Cambados, 26-27 e Sanxenxo, 28 marzo 2019

de competencia e sempre fiel ao seu labor orixinal, deixando unha profunda pegada ao seu paso pola UNESCO. Científico, político, humanista, impulsor e traballador incansable pola “Cultura de Paz”, testemuña e protagonista de excepción do século XX, personalidade relevante de recoñecido prestixio a nivel mundial (foi o mellor amigo español de Mijaíl Gorbachov cando se desintegrou a Unión Soviética e xurdiu un novo equilibrio mundial, viviu en primeira persoa a caída do muro de Berlín e estivo á beira de Nelson Mandela cando caeron as cadeas do *apartheid* racial...). Cabe resaltar que foi un dos principais defensores da reforma da ONU cuia voz ten a autoridade moral e o compromiso ético de quen basea o seu coñecemento na experiencia de toda unha vida dedicada a mellorar a sociedade na que vivimos, aposte pola palabra como única vía para a comprensión e polo multilateralismo democrático para o futuro da ONU e propón levar ao seo das Nacións Unidas a voz dos pobos. Os feitos eo seu traballo avalan unha traxectoria impresionante no ámbito académico e científico, político e social. A súa obra quedará marcada non como unha simple pegada, senón como un suco fecundo que seguirá dando os seus froitos máis aló de cando el foise. Actualmente é presidente da Fundación Cultura de Paz.

20.15 h | Aperitivo de despedida, ofrecido polo Concello de Sanxenxo coa colaboración do Obradoiro de Emprego “Hostalería do Salnés X”, Coren, Condes de Albarei, Martín Códax, Paco & Lola, Cabreiroá e Estrella Galicia.

Información xeral

OBXECTIVOS

Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualizar a súa formación e adeguar as esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellorar a xestión e as condicións de vida urbana da cidadanía.

Establecer un foro de debate que contribúa a impulsar un modelo enerxético máis sostible para avanzar na loita contra o cambio climático cara á saúde ambiental do planeta, fomentar o modelo de economía circular que garantice o futuro do medio ambiente, promover a xestión sustentable dos recursos mariños e impulsar o saneamento integral dos concellos que verten á ría de Arousa en aras de mellorar a calidade das augas si queremos manter a produción e calidade dos cultivos mariños da ría de Arousa, a loita contra as plagas da vespa velutina e o picudo roxo, impulsar o Salnés como destino de excelencia turística, e apoiar a candidatura de “Cíes-Illas Atlánticas” a patrimonio mundial da Humanidade, ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todos os axentes sociais implicados no tema.

DESTINATARIOS/AS

Técnicos/as, funcionarios/as e responsables políticos da Administración local, provincial e autonómica que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudio.

Profesorado da universidade, de ensino secundario e formación profesional que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado/interesado nas áreas obxecto de estudio.

Técnicos/as e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais. Técnicos/as de turismo, promotores de negocio, axencias de viaxes, operadores turísticos.

Profesionais libres, titulados superiores e diplomados, técnicos superiores e de grao medio que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudio.

Axentes da conservación da natureza e medio ambiente, dos recursos hidráulicos, da riqueza cinexética, piscícola e forestal (axentes do Seprona-Garda Civil, axentes de policía autonómica, axentes de policía local, axentes forestais, axentes de gardacostas, voluntarios de protección civil, etc.).

Representantes de asociacións ecoloxistas, asociacións de montes, asociacións de consumidores, asociacións veciñais.

Estudiantes universitarios e dos ciclos formativos de formación profesional relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudio (saúde ambiental, química ambiental, xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos, traballos forestais e de conservación do medio natural, explotacións agrarias extensivas).



VIII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE & TURISMO SOSTIBLE NO SALNÉS LXI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Cambados, 26-27 e Sanxenxo, 28 marzo 2019

METODOLOXÍA

Conferencia maxistral de inauguración e mensaxe de clausura, 3 conferencias plenarias, 4 sesións plenarias, roteiro de turismo verde “Árbores monumentais e senlleiras” pola comarca do Salnés, roteiro do viño Rías Baixas pola comarca do Salnés e viaxe en catamarán pola ría de Arousa, configuran a estrutura do congreso/curso, nas que os relatores farán unha exposición sintética de carácter técnico acompañada de casos prácticos e co apoio de medios audiovisuais (PowerPoint), cun debate ao remate de cada sesión, no que tamén intervirán activamente os participantes amosando as súas experiencias.

NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

Número de prazas: 100 (limitadas á capacidade do local), que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.

Cota de inscrición: gratuita.

Forma de inscrición: cubrir o boletín de inscrición, que se enviará por correo electrónico á Secretaría Técnica (info@medioambienteysalud.com). O prazo para formalizar a inscrición abrirase o luns día 4 de febreiro fixándose a data límite de formalizala o venres día 22 de marzo as 14.00 horas.

DOCUMENTACIÓN

Entregarase un maletín e material didáctico diverso.

CERTIFICADO DE ASISTENCIA

O alumnado que participe con regularidade nas sesións programadas do congreso/curso, que consta de 27 horas lectivas, recibirá un certificado de asistencia.

LUGARES DE CELEBRACIÓN, DATAS E HORARIO

Lugares de celebración:

Martes 26 e mércores 27 de marzo: **Parador de Cambados** (Paseo Calzada, s/n – 36630 Cambados – Pontevedra).

Mércores 28 de marzo: **Obradoiro de Emprego “Hostalería do Salnés X”** (Avda. Augusto González Besada, s/n. – Planta 1ª “La Ola” – Porto Deportivo Xoán Carlos I – 36960 Sanxenxo – Pontevedra).

Datas: 26-28 de marzo de 2019.

Horario: de 09.00 a 14.00 horas e de 16.30 a 20.30 horas (martes, mércores e xoves). O mércores e o xoves, de 09.00 a 14.00 horas, terán lugar as visitas prácticas (limitadas a 50 prazas).



VIII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE & TURISMO SOSTIBLE NO SALNÉS
LXI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Cambados, 26-27 e Sanxenxo, 28 marzo 2019

SECRETARÍA TÉCNICA
(INFORMACIÓN E DIFUSIÓN)

Concello de Cambados (+34 986 520 902 / centralita)



Concello de Sanxenxo
(Turismo: +34 986 720 285 / Medio Ambiente: +34 986 744 909)



Mancomunidade do Salnés (+34 986 521 115)



PARA FORMALIZAR AS INSCRICIÓNNS:

info@medioambienteysalud.com

AXENCIA DE VIAJES



D.^a Emma González Vázquez
R/ General Pardiñas, 10-16 (Local 15) - 15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)
+34 981 577 577 / emma@viajestrotta.com / www.viajestrotta.com